



LUMES NUNCA MÁIS!

Desde a Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) queremos facer pública a nosa posición ao respecto do desastre ecolóxico provocado neste fin de semana polo devastador lume no parque natural das Fragas do Eume, un espacio único pola súa riqueza forestal, paisaxística e medioambiental. Non se debe esquecer que estamos a falar dunha das mellores reservas de bosque atlántico europeo.

Todo indica que os lumes foron intencionados e que a superficie queimada supera con moito as 750 ha admitidas desde a Xunta de Galicia; en efecto, o pasado domingo, os alcaldes dos concellos da zona –que expresaban a súa queixa pola falta de medios para a extinción dos lumes- falaban xa de máis de 2000 ha queimadas e de importantes perdas nas propiedades veciñais.

Para a APDR, que entende que estamos diante dun dos maiores desastres ecolóxicos dos últimos tempos na Galiza, dun desastre que terá ademais enormes consecuencias socioeconómicas para a zona, a situación require dunha análise fonda, que vaia máis alá da simple busca da man executora destas queimas, e que –desde logo- poña en cuestión o modelo forestal promovido desde o goberno galego e mesmo a política referente á conservación de espacios naturais de interese ecolóxico. Que analice en profundidade a política autonómica en materia de prevención e extinción de incendios e mesmo a responsabilidade do goberno galego á hora da extinción do lume forestal que hoxe nos ocupa, pois, con seguridade, a falta de preocupación e inversións na política de prevención, na limpeza dos nosos montes e bosques, e a importante redución de medios económicos e humanos nos servizos de extinción están detrás das enormes dimensións adquiridas por estes lumes forestais.

Neste sentido, esixe a apertura dunha fonda investigación que permita non só coñecer quen poden estar detrás destas queimas forestais, quen puideron provocar o lume, senón tamén quen poden tirar proveito dunha situación como esta. E son moitos os aspectos sinalados desde distintas instancias, téndose citado xa desde o descontento veciñal polo xeito de xestión dos espacios naturais protexidos ata a existencia de distintos sectores empresariais que verían na destrución da zona, unha posibilidade para o desenvolvemento dos seus intereses económicos.

Xa por último, indicar que desde a APDR –que xa ten apoiado a concentración convocada para hoxe en Pontevedra- seguiremos apoiando calquera mobilización encamiñada á investigación destes lumes forestais e á recuperación do parque natural das Fragas do Eume, un espacio natural que polo seu elevado interese ambiental e socioeconómico non podemos deixar estragar.

Pontevedra, 2 de abril de 2012

Asdo.: Benito Andrade, vicepresidente da APDR.